

1.- Número 44 de INFORMEST

Está dispoñible na páxina web da SGAPEIO, apartado de PUBLICACIÓNS, o **número 44 de INFORMEST**. Este número ten o seguinte sumario:

- Editorial: Xubilación de Patricio Sánchez Bello (UVigo)
- Colaboración: Estatística e economía: unha relación “simbiótica”.
- Software: III Xornada de Usuarios de R en Galicia.
- Actividades da SGAPEIO: Sesión da SGAPEIO no XXXVI Congreso Nacional de Estadística e Investigación Operativa.
- Novas do IGE: Últimas novidades en publicacións e documentos do IGE.
- Traballos de Estatística e Investigación Operativa no SUG: Teses, Traballos Fin de Grao e Traballos fin de Máster.
- Coñecendo a un socio da SGAPEIO: Miguel Ángel Rodríguez-Gigirey Pérez.
- Sabías qué?: Poñamos as cartas enriba da mesa.

Máis información: <http://www.sgapeio.es>

2.- III Xornada de formación para elaborar proxectos de estatística

Lembramos que o vindeiro sábado, día 26 de novembro de 2016, vaise celebrar na Facultade de Matemáticas a **III Xornada de formación para elaborar proxectos de estatística** organizada conxuntamente pola Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e a Investigación de Operacións (SGAPEIO) e a Asociación Galega de Profesorado de Educación Matemática (AGAPEMA).

Esta xornada, dirixida a profesores de ESO e Bacharelato, conta coa homologación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e inclúe exposición de experiencias, obradoiros, e unha conferencia.

Máis información: www.sgapeio.es

3.- V Olimpíada Estatística

O *Instituto Nacional de Estadística (INE)*, a *Sociedad de Estadística e Investigación Operativa (SEIO)* e a Facultade de Estudos Estatísticos (FEE) da Universidade Complutense de Madrid, convocan a V Olimpíada Estatística, que ten os seguintes obxectivos:

- Promover a curiosidade e o interese na Estatística entre os estudantes.

- Incentivar nos docentes o uso de novos materiais para o ensino da Estatística fomentando o uso de datos reais e buscando aplicacións dos coñecementos estatísticos adquiridos.
- Mostrar e achegar o protagonismo da Estatística en distintos aspectos da sociedade a estudantes e docentes, dándoa a coñecer como estudo universitario.
- Promover o traballo en equipo e a colaboración para conseguir obxectivos comúns.

Datas importantes:

- Inscripción dos equipos: do 3 de outubro de 2016 ao 27 de xaneiro de 2017.
- Probas da primeira fase: do 30 de xaneiro ao 13 de febreiro de 2017.
- Traballo da segunda fase: do 16 de febreiro ao 9 de marzo de 2017.

Máis información: http://www.ine.es/explica/olimpiada2017_inicio.htm

4.- Curso de análise de tendencias na EASP

A *Escuela Andaluza de Salud Pública* (EASP) organiza un curso presencial de Análise de Tendencias:

- Horas totais: 15
- Lugar e datas: Granada, 18 a 20 de xaneiro de 2017.
- Matrícula: 300 €

Dirixido a: Profesionais con experiencia previa na aplicación e interpretación de modelos de regresión multivariante que desexen ampliar os seus coñecementos de Estatística. É a continuación dun itinerario formativo en Estatística Aplicada que comeza cos cursos “Estatística e Epidemioloxía” e “Modelos de Regresión Multivariante”.

Inscripción: ata o 2 de decembro de 2016.

Máis información: <http://www.easp.es/cursos/?idCurso=311303NA16>

5.- Oposicións á Seguridade Social para estatísticos

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social convoca proceso selectivo para ingreso, polo sistema xeral de acceso libre, no Corpo Superior de Actuarios, Estatísticos e Economistas da Administración da Seguridade Social (BOE Nº 275 do 14 de novembro de 2016):

- 2 prazas na Escala de Actuarios (código 1601).
- 3 prazas na Escala de Estatísticos e Economistas (código 1602).

Presentación de solicitudes: ata o 14 de decembro de 2016.

Máis información: <http://www.boe.es/boe/dias/2016/11/14/pdfs/BOE-A-2016-10565.pdf>

6.- Lista de másteres de Matemáticas

A comisión educativa da *Asociación Nacional de Estudiantes de Matemáticas* creou unha nova sección na súa páxina web na que se inclúen case todos os másteres públicos vinculados á titulación de Matemáticas que se imparten en universidades españolas (arredor de 200). Buscando pola palabra clave “Estadística” atópanse 21 másteres que teñen esta palabra no seu título.

A ligazón da páxina é a seguinte: <http://www.anemat.com/masters/>

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Lope Gómez de Marzoa s/n
Campus Sur, 15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>